

Total persoal laboral fixo.....	6
Total persoal laboral temporal.....	10
Total postos de traballo 2017.....	27

Contra este acordo que agota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comezarán a contar o día seguinte á publicación do presente anuncio, tal e como dispón o artigo 4.2 da lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da jurisdicción contencioso-administrativa.

O Orzamento entrará en vigor, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia, segundo o desposto no artigo 20 do RD 500/1990 e artigo 169.5do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Cospeito, 4 de xullo de 2017.- O alcalde.- Armando Castosa Alvariño

R. 2035

LUGO

Anuncio

COBRANZA

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuínte.

Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro 20 de xullo e ata o 20 de setembro do ano 2017, ambos inclusive, pónse o cobro, en prazo voluntario, o padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó segundo trimestre de 2017

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 07 de agosto de 2017

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla Nº197-planta baixa (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de outubro de 2017, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

A falta de pago no periodo voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria

Lugo, 4 de xullo de 2017.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 2027

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 21 de xuño de 2017, aprobou a **CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAL (LOTE 1) DE COMBUSTIBLE PARA CALEFACCIÓN DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS (LOTE 2) E SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL (LOTE 3. (EXP. REF. 18-2017)**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

c) Obtención de documentación e información:

1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
3. **Localidade e C.P:** Lugo, 27002
4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
5. **Telefax:** (982) 29-72-59.
6. **Correo electrónico:** contratacion@concellodelugo.org
7. **Dirección internet:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)
8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

d) Número de expediente: 18/2017

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: subministración

b) Descrición: É obxecto deste procedemento a celebración duns contratos de subministración instrumentalizados como acordos marco, para a entrega de forma sucesiva e por prezo unitario dos produtos obxecto de subministración (gasolina, gasóleo A, gasóleo C e gas natural) que a continuación se indican e conforme as características que se especifican nos pregos de prescricións técnicas.

c) División por lotes: SI

O obxecto destes acordos marco fraccionase en **TRES LOTES**, podendo presentarse ofertas a un, a varios ou á totalidade dos lotes:

LOTE 1: SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL.

LOTE 2: SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA CALEFACCIÓN DE DIVERSAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS.

LOTE 3: SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL.

d) Lugar de execución/entrega:

Lote 1: Principalmente dentro do término municipal de Lugo e en xeral en calquera de España y Portugal. Ver apartado 3º prego de condicións técnicas do lote 1

Lote 2: Nas dependencias municipais relacionadas no apartado 2º do prego de condicións técnicas do lote 2

Lote 3: Nas dependencias e instalacións municipais relacionadas no Anexo I do prego de condicións técnicas do lote 3

e) Prazo de duración/ Prazo de execución: A duración do contrato será de DOUS ANOS, a contar dende a data da súa formalización

f) Admisión de prórroga: Si, poderá ser obxecto de prórroga por períodos máximos anuais por mutuo acordo das partes adoptado con anterioridade ó remate do prazo inicial de vixencia, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS.

g) Establecemento de acordo marco: Sí, con un solo operador

h) CPV:

09134000-7 Gasóleos

09132000-3 Gasolina

09134100-8 Gasoil

09123000-7 Gas Natural

3.- Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinario

b) Procedemento: aberto

c) Criterios de adxudicación: Ver cláusula décimo segunda dos pregos de cláusulas administrativas.

4.- Valor estimado do contrato: 1.854.098,48_euros

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade)

Lote 1: 78.512,40 euros

Lote 2: 33.057,85 euros

Lote 3: 351.954,62 euros

6.- Garantías:

a) **Provisional:** NON procede

b) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Solvencia:** A sinalada na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas

b) **Clasificación:** Non

c) **Outros requisitos:** Os licitadores deberán presentar ás autorizacións necesarias paa poder comercializar os produtos obxecto do subministro de cada lote.

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) **Data límite de presentación:** 14 de agosto de 2017

b) **Modalidade de presentación:** formato papel.

c) **Lugar de presentación:**

1. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.

2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002

d) **Admisión de variantes:**NON

e) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta:** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data e hora:** O terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións (18/08/2017) ás 12:30 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

10.- Gastos dos anuncios: serán por conta dos adxudicatarios.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

12.- Obrigas contractuais esenciais. Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución establecidas nas cláusulas décimo quinta e décimo sétima configuradas como obrigas contractuais esenciais.

13.- Data de envío do anuncio ao Diario Oficial da Unión Europea: 03 de xullo de 2017

Lugo, 04 de xullo de 2017.- TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 2028

MURAS

Anuncio

De conformidade coa Resolución da Alcaldía de 6 de xullo de 2017, faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal consistente en 1 xefe de brigada, e catro peóns de brigada, un deles peón conductor que terá o carnet de conducir B.

Tipo e duración do contrato: a xornada completa, por obra ou servizo determinado ata o 15 de outubro de 2017.